



ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR
DE ENXEÑARÍA

INFORME PERFIL DE INGRESO ETSE

CURSO 2024-25

PERFIL DE INGRESO
Grao en Enxeñaría Informática
Curso 2024-25

Dos 89 alumnos/as matriculados no GrEI, 84 pertencen á comunidade autónoma de Galicia. A maioría do alumnado, un 54,76%, provén da provincia da A Coruña seguido da provincia de Pontevedra cun 33,33%. O 11,9% do alumnado restante distribúese entre as provincias de Lugo e Ourense. Cabe destacar que un 26% do total de alumnado de nova incorporación corresponde a mulleres supoñendo un incremento do 9% sobre os datos do curso pasado.

A nota de corte de acceso á titulación continúa coa súa tendencia á alza alcanzando este curso un valor de 11,398. Este dato concorda coa nota media do bacharelato, tamén alta, dos alumnos que accederon á titulación (12,262).

Nos resultados das enquisas de novas incorporacións pódese destacar que unha porcentaxe moi alta do alumnado provén de Centros de Ensino Secundario de carácter público, sendo a modalidade de Bacharelato maioritaria a de Ciencias e Tecnoloxía. Entre as materias optativas cursadas durante a súa etapa de bacharelato, o alumnado sinalou as materias de Física, Física e a Química e Debuxo técnico por encima da materia de Tecnoloxía da Información e da Comunicación.

Entre as fontes de información sobre a titulación máis valoradas atópase a páxina Web da USC, os comentarios doutras persoas e a dirección do centro de estudos no que cursaban o bacharelato. Cabe destacar que só unha persoa indica os Encontros Virtuais da USC como fonte de información e 7 dos enquisados indican como fonte as visitas do programa A Ponte da USC.

En canto aos motivos que levaron ao alumnado para seleccionar o noso título podemos destacar a decisión propia e as boas saídas profesionais como os máis seleccionados. Tamén cabe destacar que a maioría dos enquisados seleccionou o noso título como primeira opción.

No referente á información sobre aspectos da titulación coñecidos previamente polo alumnado de novo acceso, cabe destacar que os enquisados tiñan un gran descoñecemento da memoria oficial da titulación, dos horarios de primeiro curso e da páxina web da Escola.

A gran maioría dos enquisados indica que ten un alto coñecemento de inglés, pero só á metade gustaríalle recibir docencia en inglés. Con todo, a maioría está interesado en programas de intercambio e en participar en actividades de formación complementaria.

En xeral, a valoración da xornada de benvida é bastante alta.

PERFIL DE INGRESO
Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas
Curso 2024-25

Dos 11 alumnos/as matriculados no Dobre Grao, 10 pertencen á comunidade autónoma de Galicia. A maioría do alumnado, un 70%, provén da provincia da A Coruña e o 30% restante proveñen de provincia de Pontevedra. Cabe destacar que un 27% do total de alumnado de nova incorporación corresponde a mulleres.

A nota de corte de acceso á titulación continúa sendo moi alta alcanzando este curso un valor de 13,188. Este dato concorda coa nota media do bacharelato, tamén moi alta, dos alumnos que accederon á titulación (13,444).

Nos resultados das enquisas de novas incorporacións pódese destacar que unha porcentaxe moi alta do alumnado provén de Centros de Ensino Secundario de carácter público, sendo a modalidade de Bacharelato maioritaria a de Ciencias e Tecnoloxía. Entre as materias optativas cursadas durante a súa etapa de bacharelato, o alumnado sinalou as materias de Física, Física e a Química e Debuxo técnico moi por encima da materia de Tecnoloxía da Información e da Comunicación que apenas ten representación.

Entre as fontes de información sobre a titulación máis valoradas atópase a páxina Web da USC, os comentarios doutras persoas e os folletos informativos sobre os Graos. Cabe destacar que só unha persoa indica os Encontros Virtuais da USC como fonte de información e 2 dos enquisados indican como fonte as visitas do programa A Ponte da USC.

En canto aos motivos que levaron ao alumnado para seleccionar o noso título podemos destacar a decisión propia, as boas saídas profesionais e a recomendación da familia como os máis seleccionados. Tamén cabe destacar que todos os enquisados seleccionaron o noso título como primeira opción.

No referente á información sobre aspectos da titulación coñecidos previamente polo alumnado de novo acceso, cabe destacar que os enquisados tiñan un gran descoñecemento da memoria oficial da titulación, dos horarios de primeiro curso e da páxina web da Escola.

A gran maioría dos enquisados indica que ten un alto coñecemento de inglés, o que concorda con que a gran maioría está interesada en participar en programas de intercambio. Con todo, unicamente a algo máis da metade dos enquisados gustaríalle recibir docencia en inglés. Doutra banda, só a metade estaría interesado en participar en actividades de formación complementaria.

En xeral, a valoración da xornada de benvida é bastante alta.

PERFIL DE INGRESO
GRAO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA
CURSO 2024-25

O Grao en Enxeñaría Química (GrEQ) da USC incorporou un total de **64** estudantes de novo acceso (41% mulleres) no **curso 2024/2025**, dos cales 42 seleccionaron o título como 1ª opción (65,6%), 13 como 2ª, 8 como 3ª e 1 como 4ª. A nota de corte final foi 9,362 e o 100% da matrícula realizouse pola cota xeral.

1. Orixe xeográfica do estudiantado

Como en cursos anteriores, a maioría do noso Estudiantado provén das provincias de A Coruña e Pontevedra (Táboa 1), sendo practicamente a totalidade (61/64) da comunidade autónoma galega e soamente 3 de outras comunidades do territorio nacional.

Táboa 1. Procedencia do estudiantado de novo ingreso ao GrEQ

Procedencia cota Xeral

Lugar	Matrícula	Lugar	Matrícula	Lugar	Matrícula
España	64	Galicia	61	A Coruña	31
				Lugo	9
				Ourense	4
				Pontevedra	17
		Outras comunidades	3		
Estranxeiro		Paises Unión Europea ou con acordo			
		Paises sen acordo			

2. Formación previa

Todo o estudiantado de novo acceso cursou Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía (Figura 1), cunha nota media de 10,834 (Táboa 2). A gran maioría (21/27) procede dun centro público.




Figura 1. Materias cursadas no bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía

Resulta sorprendente a opción dunha enxeñaría para un alumnado que non ten cursado a materia de física (11/27) ou a materia de física e química (6/27) no bacharelato, pero a realidade é que resulta unha tónica habitual neste título.

Táboa 2. Nota de admisión do estudiantado de novo ingreso ao GrEQ

Ensinanza de acceso	Nota media	Nota de admisión dos alumnos matriculados								
		[5 , 6)	[6 , 7)	[7 , 8)	[8 , 9)	[9 , 10)	[10 , 11)	[11 , 12)	[12 , 13)	[13 , 14]
Bacharelato	10,834					12	24	21	6	1
Formación Profesional										

3. Coñecemento previo da titulación e da ETSE

Respecto da fonte principal pola que tiveron información do título (Figura 2), destaca a páxina web da USC (23/27) ou da ETSE (6/27), e comentarios de outras persoas (12/23). Repítense por tanto as canles principais respecto do alumnado de novo acceso do curso anterior (2023/2024).




Figura 2. Fontes principais sobre o título

Respecto dos motivos para a elección da titulación (Figura 3) destacan a motivación persoal (decisión propia: 20/27) acompañada das boas saídas profesionais (19/27) e a recomendación dun titulado (6/27) que supera á opción da recomendación da familia (normalmente por diante nesta pregunta en cursos anteriores).




Figura 3. Motivos de elección da titulación

En canto ao lugar de estudo, 6 das 27 persoas que responderon á enquisa valoraron a posibilidade de matricularse noutra universidade para realizar este estudos.

Respecto do coñecemento previo de diversos aspectos da titulación (Figura 4), non

sorprende que a maioría non tivese consultado a memoria oficial da mesma. Pola contra, os aspectos máis prácticos do título (materias do 1º curso e o plano de estudos en xeral) eran previamente coñecidos pola grande maioría.




Figura 4. Coñecemento sobre o GrEQ antes do primeiro día de clase

4. Coñecementos transversais previos e participación en actividades

Na enquisa propia do centro, recóllese tamén información sobre a formación en ofimática (Figura 5) e idiomas (Figura 6) deste estudiantado de novo ingreso, e percíbese un maior coñecemento en editores de páxinas web e en outras aplicacións fronte ao curso anterior.




Figura 5. Formación en ofimática




Figura 6. Formación en idiomas

O 100% das persoas que respostaron á enquisa indican ter coñecementos medio ou superiores no idioma inglés, quedando totalmente anecdótico nesta promoción de estudiantado de novo ingreso o coñecemento de outros idiomas estranxeiros. Curiosamente, soamente unha porcentaxe moi pequena (menor de feito que no curso 2023/2024) indica estar interesada en recibir docencia en inglés e tamén diminúe respecto dos resultados da enquisa do curso anterior o interese en mobilidade. O que non cae é o interese en realizar prácticas externas (materia obrigatoria de feito para esta promoción de estudiantado) e en outras actividades de formación complementarias (Figura 7).




Figura 7. Interese en aspectos complementarios ao GrEQ

5. Valoración da xornada de benvida

A xornada de benvida, composta por unha parte xeral de benvida ao centro e unha parte específica de benvida ao título, foi moi ben valorada (Figuras 8&9) atopándose a gran maioría de respostas nas etiquetas de ben e moi ben.




Figura 8. Valoración dos aspectos xerais da Xornada de Benvida




Figura 9. Valoración dos aspectos particulares da Xornada de Benvida

FONTE: Datos aportados pola Universidade + Enquisa realizada polo centro ao Estudiantado de nova incorporación (taxa de resposta = 42% (27 de 64)).

PERFIL DE INGRESO
GRAO EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL
CURSO 2024-25

Datos de acceso (CiUG)

- Prazas: 50.
- Matriculados tras a 9ª chamada:
 - o 56 (112%). Curso pasado 52 (104%).
 - o Primeira preferencia: 45 (80,4%)
- Nota de corte: 11,184. Curso pasado: 11,19
 - o Nota media Bach: 12,144.
- Mulleres: 15 (27%). Curso pasado: 21 (41%). Descenso fronte ao curso pasado e similar ao anterior.
- Procedencia (cota Xeral, 52):
 - o Prov. A Coruña: 22 (42%)
 - o Resto Galicia: 28 (54%) datos similares aos do ano pasado
 - o Resto España: 1 dato igual ao do ano pasado
 - o Outros países: 1

Enquisas estudantado nova incorporación 2024-25

Revísanse os resultados, destacando como datos mais relevantes:

- o estudantado que respostou procede ao 100% do Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía, fronte ao 96% do curso pasado. As optativas maioritarias son Física e Química, TIC e Debuxo, que son as mesmas que o curso pasado. Non hai cambios no perfil de entrada.
- a fonte principal de información é a web e os comentarios doutras persoas, igual que o curso pasado. Pero este curso destaca tamén como fontes de información relevante a orientación do centro de secundario, que o curso pasado case non era relevante.
- a grande maioría (88% elixiron a titulación como primeira opción, fronte a un 76% o ano pasado). Menos da metade consideraron outros centros para cursar a titulación. Os estudantes de 2ª opción tiñan matemáticas como primeira.
- hai unha percepción positiva da xornada da benvida, algo mellor ca o curso pasado en cando á súa utilidade
- Un aspecto a mellorar segue a ser o nivel de participación na enquisa foi do 34% (19 respostas), menor que o curso pasado (46%, 25 respostas).

PERFIL DE INGRESO
MÁSTER EN ENXEÑARÍA AMBIENTAL
CURSO 2024-25

Xénero e orixe

Dos 25 estudantes de nova matrícula, o 71% son mulleres, porcentaxe sensiblemente superior ao rexistrado nos últimos anos, que normalmente rondaba o 50%. En canto ás anteriores titulacións, a maioría procede de graos de Ciencias, o 67%, mentres que o 33% restante corresponde a diversas áreas de enxeñaría como enxeñaría química, enxeñaría técnica industrial, deseño e enxeñaría ambiental, entre outras. É importante destacar que é o estudantado estranxeiro o que teñen formación predominantemente en enxeñaría, mentres que os estudantes nacionais proveñen maioritariamente de Ciencias. En relación ás fontes de información consultadas predomina a consulta en internet e tamén os comentarios doutras persoas.

Formación previa

En relación a como valoran a súa formación previa, a maioría consideran que teñen un nivel alto ou moi alto no caso das Ciencias, porcentaxe que diminúe considerablemente en relación coas súas competencias en matemáticas ou en enxeñaría.

En relación á ofimática, eles consideran que teñen un nivel alto ou moi alto no caso de programas tipo PowerPoint con algo máis do 60%, porcentaxe lixeiramente inferior á indicada para os procesadores de textos. Esta porcentaxe baixa un pouco no caso das follas de cálculo onde só o 40% considera que ten unha formación alta ou moi alta.

En relación á súa procedencia, arredor do 60% procede de diversas localidades galegas e arredor do 17% doutros lugares de España e un 25% doutros países.

Avaliación inicial do Máster

Dos diferentes aspectos do máster que se lles pide avaliar, destaca a valoración positiva (nivel alto ou moi alto) que recibe o módulo de prácticas externas obrigatorias, así como a realización de visitas de campo, a participación de relatores externos da empresa e o carácter multidisciplinar do equipo docente da titulación.

Á pregunta de se este máster ten unha imaxe de calidade, o 100% respondeu que está de acordo ou moi de acordo. Máis do 80% considera que a información sobre as actividades académicas é clara. Máis do 70% considera que a distribución modular das materias é un éxito. Máis do 90% considera que os medios dispoñibles no centro son de gran calidade. Pola contra, non parecen dar importancia á existencia de materias en inglés. Finalmente, máis do 90% considerou que o acto de benvida foi claro e útil.

Ao ser preguntado polo seu interese polos distintos módulos que conforman o máster, destaca a valoración que lle dan ao módulo 1 (todos os participantes consideran alto ou

moi alto o interese por este módulo). O módulo de xestión ambiental está valorado como interesante ou moi interesante por máis do 90% dos participantes. No apartado moi interesante destaca a valoración do módulo 3, cun 63%, ao que se lle sumamos as persoas que o valoraron como interesante superaríamos o 90%. O módulo de goberno é de menor interese, cun 42% dos participantes valorándoo como moi interesante, posiblemente porque é máis descoñecido. E por último, o módulo 5 presenta un alto interese cunha porcentaxe superior ao 80% das persoas que o califican como interesante ou moi interesante.

Obxectivos

En relación aos obxectivos que teñen estes estudantes de cara a cursar a titulación, máis do 80% indica que o seu principal interese é traballar nunha empresa, quedando todas as demais opcións moi por debaixo deste valor: o 33% considera traballar como obxectivo en administración, 25% en educación, 32% en investigación e 41% como autónomo.

PERFIL DE INGRESO
MÁSTER EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS
CURSO 2024-25

Realizouse unha enquisa interna ó alumnado do MEQB de nova incorporación no curso 2024-2025. Recibíronse 11 respostas, que sobre unha matrícula real de novo ingreso de 16 estudantes representan unha taxa de resposta do 69 %.

Os datos máis salientables que se poden extraer da análise dos resultados son os seguintes:

- Un 45 % dos respondentes é de fóra de Galicia.
- A cualificación media da titulación de acceso está comprendida entre 6,4 e 8,4.
- A fonte de información preferente a través da cal se obtiveron coñecementos sobre o máster foi maioritariamente “comentarios de outras persoas” (55 %), mentres que “a través de charlas” (18 %) e “a través de internet” (18 %) foron as seguintes. Estas porcentaxes dan continuidade, cualitativamente, ó que xa se observara nas enquisas de anos anteriores. A distribución porcentual reproducíase aproximadamente na pregunta sobre cales entenden as persoas enquisadas que serían as mellores fontes de información para obter coñecemento sobre o máster.
- Respecto da impresión inicial que lles causou o máster, un 91 % opta por “nivel alto: pode ser moi interesante” e un 9 % por “nivel medio”. Estas porcentaxes representan unha expectativa superior á resultante das enquisas análogas en anos anteriores.
- Dentro das fontes mellores para obter información a través de internet sobre o máster, as respostas maioritarias fan referencia a redes sociais e a páxina web da USC/ETSE.
- Os seguintes aspectos característicos do máster obteñen todos eles unha puntuación de 4,0 ou superior (nunha escala 1-5): prácticas externas obrigatorias (4,82); profesorado multidisciplinar, elevada porcentaxe de créditos prácticos e recoñecemento externo do Máster (4,45); duración de 90 ECTS e participación de conferenciantes de empresa (4,36); e visitas técnicas de campo (4,00).
- Nunha valoración análoga para os módulos do máster, destaca o módulo 5a (Prácticas en empresa) cunha puntuación promedio de 4,91, seguido de: módulo de bioprocesos e módulo de deseño holístico de procesos (4,55), módulo de dirección e xestión empresarial e módulo de investigación e sostibilidade (4,00) e módulo 5b (TFM) (3,82).
- Os obxectivos tras acabar o máster apuntan fundamentalmente a traballar nunha empresa (4,82 de valoración promedio na escala 1-5), seguido a moita distancia por traballar en investigación (3,27). As outras opcións (traballar na administración, traballar no sector da educación e traballar como autónomo obteñen valoracións menores a 2,50).
- A autopercepción da cualificación en ofimática é valorada en promedio cun 4,00 (sendo ademais a moda destacada), mentres que no que respecta á lingua inglesa éo cun 3,82 (escala 1-5). Un 55 % dos respondentes posúe un certificado oficial que acredita un certo nivel de desempeño en inglés. En relación ó uso de simuladores de procesos

químicos, a autovaloración correspondente conduce a un promedio de 3,27, sendo Hysys claramente o simulador comercial de referencia.

- Respecto de diversas afirmacións sobre o máster, estas son diferentes valoracións promedio acadadas na escala 1-5:
 - Este máster ten unha imaxe de calidade: 4,45
 - A información sobre as actividades académicas é clara: 3,91
 - A distribución dos contidos en módulos ó longo do curso é un acerto: 4,36
 - Os medios dispoñibles na ETSE (aula, laboratorios, biblioteca...) son de alta calidade: 4,10
 - Participación de conferenciantes de empresa: 4,36
 - O acto de benvida e presentación foi claro e útil: 3,50

PERFIL DE INGRESO
MÁSTER EN TECNOLOXÍAS DE ANÁLISE DE DATOS MASIVOS: BIG DATA
CURSO 2024-25

No curso 2024-25 matriculáronse no Máster 19 estudantes (21% de mulleres) coa seguinte formación previa:

- Enxeñaría Informática:
 - USC: 12
 - Outras universidades españolas: 1
- Física:
 - USC: 1
 - Outras universidades españolas: 1
 - Universidade de Uruguay: 1
- Matemáticas: 1 USC
- Outras Enxeñarías: 2 de outras universidades españolas.

PERFIL INGRESO

MÁSTER EN COMPUTACIÓN DE ALTAS PRESTACIONES

CURSO 2024-25

A continuación, preséntase unha análise do perfil do estudantado que ingresou ao Máster en Computación de Altas Prestacións no curso académico 2024-25.

Distribución Xeral

O máster conta cun total de 13 estudantes matriculados, cuxa composición reflicte un carácter internacional e interdisciplinar.

Distribución por Xénero

- Homes: 11 estudantes (84,62% do total).
- Mujeres: 2 estudantes (15,38% do total).

Aínda que o número de mulleres é reducido, un 15% é relevante en áreas técnicas e especializadas como enxeñaría informática e computación de altas prestacións.

Distribución por Nacionalidade

O estudantado provén de 9 países distintos, destacando a diversidade xeográfica. A distribución é a seguinte:

- España: 6 estudantes (46,15%).
- Paquistán: 2 estudantes (15,38%).
- Cuba, Uruguai, Arxentina, Nicaragua, Malawi e Costa Rica: 1 estudante cada un (7,69% por país).

Esta representación internacional subliña o atractivo do máster para estudantes de distintas partes do mundo, especialmente de América Latina que veñen con bolsas BEME.

Distribución por Formación Académica

Os títulos de acceso reflicten un perfil predominantemente técnico, cunha clara orientación cara á informática e as ciencias relacionadas.

- Graduados en Enxeñaría Informática (España): 4 estudantes (30,77%).
- Titulacións estranxeiras relacionadas con software, sistemas ou redes: 6 estudantes (46,15%).

(Exemplo: Software Engineering, Enxeñaría en Sistemas, Redes e Telecomunicacións).

- Outras titulacións STEM ou especializadas: 3 estudantes (23,08%).

(Exemplo: Ciencia de Datos, Big Data).

Distribución por Idade

O rango de idades dos estudantes abarca desde os 21 ata os 44 anos. A desagregación é o seguinte:

- Menores de 30 anos: 8 estudantes (61,54%).
- Entre 30 e 40 anos: 2 estudantes (15,38%).
- Maiores de 40 anos: 3 estudantes (23,08%).

A presenza de estudantes con maior experiencia profesional contribúe a enriquecer as dinámicas do máster, ofrecendo unha perspectiva máis aplicada e diversa.

PERFIL DE INGRESO
CURSO 2024-25
MÁSTER EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL

O número total de alumnos/as de novo ingreso é de 20 na USC. O perfil de ingreso en MIAO perfil de ingreso en MIA é fundamentalmente de Enxeñeiros en Informática (80%), seguido de graduados en Telecomunicacións (15%) e os restantes son de Ciencia de Datos (5%). Do total de alumnos/as matriculados/as, o 25% proceden de centros estranxeiros, e o resto de centros nacionais. O 55% do estudiantado proceden de universidades galegas e o 20% realizou o grao na USC. O 20% do total son mulleres.



ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR
DE ENXEÑARÍA

PERFIL DE INGRESO
MÁSTER VISIÓN POR COMPUTADOR
CURSO 2024-25

No curso 2024-25 matriculáronse no Máster 6 estudantes (33,3% de mulleres):

Enxeñaría Informática- dous estudantes (USC, Universidad de Granada)

Ciencias da Computación- dous estudantes (Saint Petesburg State University (Russia),
Universidad de la Habana, Cuba)

Tecnoloxía Dixital e Multimedia- un estudante (Universidad Politécnica de Valencia)

Sen datos dun alumno correspondente á matrícula anticipada de alumnado de fora do EEES que non se incorporou ao máster pero segue matriculado.

PERFIL INGRESO
MÁSTER EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA
CURSO 2024-25

No curso 2024-25, matriculáronse no Máster Interuniversitario en Xestión Sostible da Auga (MUXSA) 14 estudantes: 2 na USC, 5 na UDC e 7 na UVIGO. Ademais, están cursando algunhas materias do MUXSA, 2 estudantes ERASMUS na UDC e UVIGO, respectivamente.

Do alumnado da USC, un é Enxeñeiro de Obras Públicas pola Universidade de Coruña, matriculado a tempo parcial por motivos profesionais, e a segunda é Enxeñeira Industrial pola Universidade Tecnolóxica de La Habana (Cuba), matriculada a tempo completo.

Dos 14 estudantes matriculados nas tres universidades do SUG, 2 realizaron unha matrícula a tempo parcial por motivos profesionais e os 12 restantes están cursando o Máster a tempo completo. Tamén cabe destacar que destes 12 estudantes, 6 aínda non realizaron a súa incorporación efectiva ó Máster por temas de tramitación de visado (trátase de 6 estudantes procedentes de Arxelia).

Dos 8 estudantes que están cursando efectivamente o Máster, o 75% son mulleres e o 25% restante son homes. As estudantes ERASMUS son mulleres. Asimesmo, o 75% dos estudantes son españois e o 25% restante son estranxeiros (Cuba e Colombia, respectivamente).

En canto a titulación de acceso dos 14 estudantes matriculados, o 78,6% proceden de Graos ou titulacións de Enxeñaría (Enxeñaría Civil, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría Obras Públicas, Enxeñaría de Minas, Enxeñaría da Enerxía, Enxeñaría Mecánica, Enxeñaría Agrícola) e o 21,4% restante de Graos ou titulacións de Ciencias (Ciencias Ambientais, Enerxía e Medioambiente, Propulsión e Hidrodinámica).

PERFIL DE INGRESO
MÁSTER EN INTERNET DAS COUSAS: IoT
CURSO 2024-25

Na USC temos 9 estudantes matriculados (11,1% mulleres. O 33,3% proceden so SUG (2 USC, 1 UVIGO) e o resto, o 66,7%, de universidades non pertencentes ao Espazo Europeo de Educación Superior: 1 de Paquistán, 4 de Alxeria e 1 de Cabo Verde.

Por titulación de ingreso:

- Grao en Robótica, 1
- Grao en Enxeñaría Informática: 4
- Grao en Enxeñaría do Software: 1
- Grao en Enxeñaría Técnica Industrial: 1
- Licenciatura en Telecomunicacións: 2

Temos que apuntar que dos 9 matriculados asisten a clase con regularidade 4, e temos constancia de que un alumno alxerino está arranxando asuntos relativos ao visado e ten intención de vir a cursar os estudos. Nas outras dúas sedes asisten con regularidade 3 alumnos na UVIGO e 4 na UDC.